

# MEMORIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL

## 2017-2018

---

---

RETEGAL. REDES DE TELECOMUNICACIÓNS  
GALEGAS

---

# ÍNDICE

Sobre este documento.....	3
Carta do Director Xerente.....	5
Principais Indicadores 2017-2018.....	7
A nosa compañía .....	9
O modelo de negocio de Retegal.....	10
Principais retos 2016-2020 .....	13
Integramos a responsabilidade social no noso modelo de negocio .....	14
As nosas persoas .....	21
Os nosos usuarios de servizos .....	40
A nosa contorna .....	44
Bo Goberno .....	49
Impacto socioeconómico .....	54
Ingresos .....	54
Aprovisionamentos.....	54
Gastos de persoal .....	55
Otros gastos de explotación.....	55
ANEXO I.....	57
Glosario de termos relevantes de GRI .....	59
Principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas .....	61
Índice de contidos de GRI.....	62
Índice de contidos de Obxectivos Desenvolvemento Sostible .....	64
ANEXO II.....	65
Documentación interna .....	65
Principais referencias lexislativas de aplicación.....	65
ANEXO III.....	69
Datos de contacto.....	69

---

## Sobre este documento

Este documento é a segunda Memoria de Sostibilidade de RETEGAL. Redes de Telecomunicacións Galegas. Ten como obxectivo integrar nunha única publicación a comunicación cara a todos os nosos grupos de interese de forma tal que, poidan percibir dunha forma sinxela o valor que xeramos como empresa pública.

Esta Memoria foi elaborada de conformidade cos estándares de Global Reporting Initiative (GRI) na súa Opción Esencial. Por esta razón, o informe presenta todos os asuntos que recollen os impactos económicos, ambientais e sociais significativos da nosa organización e que poden influír na toma de decisións dos nosos axentes clave. Para iso, están identificados e avaliados grazas a unha análise de materialidade onde incluimos a opinión dos nosos grupos de interese.

Esta Memoria presenta un Índice de Contidos GRI, que se pode consultar nun dos anexos. Así mesmo, incluimos referencias aos indicadores nos diferentes apartados da Memoria que sirva como primeiro punto de referencia para os usuarios da mesma.



# NESTES ÚLTIMOS DOUS ANOS

---

## Carta do Director Xerente

Con esta carta, a modo de presentación da nosa segunda memoria de responsabilidade social corporativa, querémonos dirixir ás nosas persoas, ós nosos usuarios de servizos, ós nosos accionistas, á provedores, institucións, universidades e centros de investigación e, en xeral, a toda a sociedade galega.

Durante os anos 2017 e 2018 continuamos desenvolvendo unha cultura corporativa baseada na calidade de servizo, compromiso coa sociedade e a contorna, eficiencia na xestión, innovación tecnolóxica, respecto e atención ao noso persoal, seguridade na información e transparencia nas nosas operacións. Estes son os nosos valores corporativos e a nosa tarxeta de presentación ante a sociedade galega. Con estes valores

---

traballamos todos os días para cumprir coa nosa misión, orientada á prestación de servizos en materia de telecomunicacións na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nestes anos estamos a asistir a un escenario marcado pola dixitalización e un comportamento do sector das telecomunicacións protagonizado pola forte competencia entre compañías mediante a mellora constante da oferta e calidade de produtos e servizos dirixidos a cada segmento do mercado. Por iso, cada vez máis, as necesidades dos nosos usuarios de servizos son esixentes e cambiantes no tempo.

Ao longo deste bienio implantamos un modelo de Compliance, dando un paso máis no noso compromiso coa cultura ética e responsable da organización. Tamén seguimos actualizando a nosa Política de Calidade e de Xestión Medio Ambiental.

Outra das novidades que incluimos nesta memoria é a medición da nosa contribución á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible, unha axenda desenvolvida por Nacións Unidas onde se marcan a redución das desigualdades, a protección do planeta e a prosperidade de todas as persoas de aquí ao ano 2030. É unha nova forma de reportar cal é a nosa contribución ao benestar social e ambiental, así como a xeración de valor económico.

Seguiremos traballando por aplicar o noso talento para xerar solucións que melloren o día a día de persoas e empresas xerando á vez valor para toda a sociedade galega.

**Miguel Rodríguez Quelle | Xerente de Retegal**



# Principais Indicadores 2017-2018





# **RESULTADOS DE SOSTIBILIDADE**



# A nosa compañía

Somos Retegal. Redes de Telecomunicacións Galegas Retegal, S. A (en diante, Retegal), unha sociedade mercantil pública autonómica. Desde o ano 1997 levamos realizando a planificación, instalación, xestión, mantemento e explotación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións en Galicia. Do mesmo xeito, elaboramos propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións, restrinxidos ao ámbito de servizos que temos encomendados. Actuamos en todo o territorio galego como **medio propio instrumental da Xunta de Galicia** e como **operador neutro de telecomunicacións**, nas mesmas condicións que empresas do sector, pero con servizos tarificados en base a prezos públicos.

**A nosa MISIÓN é xestionar e explotar infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicación en Galicia, baixo estándares internacionais de calidade, seguridade e respecto ao medio ambiente**

**A nosa VISIÓN é garantir a máxima calidade nos servizos públicos de telecomunicación que xestionamos, sendo recoñecidos como un referente en canto a eficiencia, responsabilidade, transparencia e compromiso coas preocupacións sociais, laborais e medio ambientais dos nosos grupos de interese**

Para poder dar resposta á nosa visión e misión, contamos cun excelente equipo de 47 persoas, que na súa maior parte achegan máis de 30 anos de experiencia. O diálogo continuo cos nosos grupos de interese, a transparencia e o respecto polos valores da nosa empresa, son un factor clave para poder desenvolver a nosa actividade.

---

Os nosos valores son:

- Calidade de servizo.
- Compromiso coa sociedade e a nosa contorna.
- Eficiencia na xestión.
- Innovación tecnolóxica no despregamento da rede de telecomunicación.
- Respecto e atención ao noso persoal.
- Seguridade na información.
- Transparencia nas nosas operacións.

## O modelo de negocio de Retegal

O noso modelo de negocio móvese ao redor de dous eixos: actividades orientadas a servizos e actividades orientadas a soporte. Estas actuacións execútanse a través dos nosos servizos centrais e dos nosos 191 centros situados ao longo de toda Galicia.

### **Sede Central | Centro Nodal de Rede | Centro de Xestión e Atención de Rede**

Complexo de San Marcos. Bando, San Marcos, s/n  
15820 – Santiago de Compostela (A Coruña)

### **Actividades orientadas a servizos**

## **DIFUSIÓN**

Traballamos en **televisión**, onde facilitamos unha cobertura do 98% para o múltiple autonómico MAUT, con 140 centros operativos. Nunha comunidade autónoma como a nosa é un logro do que estamos orgullosos pola dificultade que implica a súa consecución debido á alta dispersión poboacional e á difícil orografía en certas zonas. Ademais, prestamos en colaboración cun operador de ámbito nacional, servizos de múltiple estatal RGE para Galicia: codificación, multiplexación, contribución e difusión de diversos múltiples de TDT locais.

---

Así mesmo, facilitamos os servizos de transporte e difusión de **radio**, en concreto á Radio Galega (RG), con 38 centros de emisión operativos, que facilitan unha cobertura poboacional superior ao 98%. Tamén realizamos servizos de coubicación e contribución IP a concesionarios de licenzas de FM.

## **REDE DIXITAL DE EMERXENCIA E SEGURIDADE DE GALICIA (RESGAL)**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA), encargounos a xestión e mantemento da Rede Dixital de Emerxencia e Seguridade de Galicia (RESGAL). Para iso realizamos a explotación e xestión integral do servizo de comunicacións móbiles de emerxencias e seguridade da Xunta de Galicia. O noso traballo contempla tamén a xestión operativa de usuarios, entidades como concellos (máis de 115), o Sergas a través do 061, a Policía Autonómica, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a Axencia Galega de Emerxencias, o Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais, diferentes Consorcios de Bombeiros, policía locais, protección civil locais...

## **CONECTIVIDADE E TRANSPORTE**

Prestamos servizos de conectividade en calidade de operador neutro a outros operadores privados, así como servizos de transporte á propia Xunta de Galicia en réxime de autoprestación. Tamén xestionamos unha rede de alta velocidade en Galicia que dá conectividade a máis de 30 centros públicos de telecomunicación nos que se prevén altos requirimentos de ancho de banda, ben pola cobertura propia dos centros, ben pola capacidade acumulada doutros centros con eles enlazados.

## ALBERGAMENTO

Xestionamos máis de 270 centros de telecomunicación, titularidade da Xunta de Galicia, en toda a Comunidade Autónoma, prestando ademais servizos de coubicación e albergamento a operadores, en calidade de operador neutro.

### Actividades orientadas a soporte

## CENTRO DE XESTIÓN E ATENCIÓN DE REDE (CEXAR)

O Centro de xestión e Atención de Rede ( CEXAR) é o centro de control da rede de telecomunicacións xestionadas por Retegal. Grazas a ela ofrecemos un servizo de atención continuada tanto a usuarios dos nosos servizos como a clientes.

ANO	INCIDENCIAS	INTERVENCIÓNS	ACCESO A CENTROS	CHAMADAS
2016	3.982	7.726	1.414	10.700
2017	4.214	8.154	1.198	12.192
2018	4.529	7.945	915	8.531

## SISTEMAS

Concibimos os sistemas como ferramentas fundamentais para garantir a calidade e seguimento dos nosos servizos. Na actualidade temos implementados os sistemas de xestión de: **calidade** conforme á ISO 9001:2015, **medio ambiente** conforme á ISO 14001:2015 e **prevención de riscos laborais** coa OHSAS 18001:2007.

Todos estes sistemas de xestión baséanse no noso convencemento da importancia de traballar pola mellora continua da organización. Dentro desta liña realizamos a



---

adequación técnica dos nosos centros operativos e a normalización tanto de procesos como de proxectos (internos e externos).

## INNOVACIÓN

Como empresa tecnolóxica, a innovación é unha das nosas actividades principais. Gústanos dar resposta aos principais retos da nosa clientela e persoas usuarias con novas solucións de gran calidade. Participamos en diferentes proxectos de innovación tecnolóxica con empresas do noso sector e/ou centros tecnolóxicos.

### Principais retos 2016-2020

A nosa estratexia operativa constrúese para dar resposta aos seguintes retos que nos fixamos en 2016 para un cumprimento en 4 anos:

- **Mellora das redes de transporte e difusión.** Para o período 2016-2019 RETEGAL acometeremos os investimentos necesarios tanto para a modernización e actualización tecnolóxica das nosas redes de difusión e transporte como para a incorporación de novas prestacións, todo iso co obxectivo da mellora dos nosos servizos.
- **Operación da RESGAL.** Para o período 2016-2020 RETEGAL, como operador da RESGAL continuaremos coa explotación e xestión da rede, así como coa mellora de servizos dispoñibles para as distintas entidades usuarias.
- **Adecuación operativa de RETEGAL.** Como continuación da adecuación operativa, xa iniciada en anos anteriores, e que en 2013 se materializou nun cambio na estrutura organizativa da nosa entidade, contéplase a implantación dun novo modelo que se caracteriza por unha estrutura máis transversal e orientada á prestación de servizos extremo a extremo.

## Integramos a responsabilidade social no noso modelo de negocio

En Retegal, como empresa pública responsable, integramos a responsabilidade social corporativa no marco do noso modelo de negocio e nas actividades diarias. Esta política engloba as liñas estratéxicas da entidade en diferentes niveis:



A política de responsabilidade social depende directamente da xerencia da empresa, que delega nunha coordinación interna a posta en marcha de diferentes actuacións. Ademais, é a encargada de avaliar o grao de cumprimento das diferentes accións e reportar o avance destas ao órgano de goberno da entidade.

## ANÁLISE DE MATERIALIDADE

A análise de materialidade é unha das ferramentas de diálogo cos nosos grupos de interese máis importantes xa que nos axuda a identificar cales son os asuntos máis relevantes para eles como punto de partida da nosa estratexia de responsabilidade social. O proceso de identificación dos asuntos materiais realízase seguindo as recomendacións recollidas nos estándares de Global Reporting Initiative e, en concreto, no estándar **GRI 101: Fundamentos 2016**, que establece a materialidade como un dos principios que han

de seguirse para definir os contidos de informes de sostibilidade. Agrupamos os diferentes asuntos materiais identificados nas diferentes áreas de actuación.

AS NOSAS PERSOAS	OS NOSOS SERVIZOS	A NOSA CONTORNA	BO GOBERNO
Captación de talento.	Atención ao usuario/cliente.	Enerxía e cambio climático.	Sistemas de xestión e control de riscos.
Desenvolvemento profesional.	Ciberseguridade, e protección de datos.	Uso eficiente dos recursos.	Goberno corporativo.
Seguridade e saúde.	Innovación tecnolóxica.	Biodiversidade.	Política de axudas e subvencións.
			Xestión responsable de provedores.
A NOSA COMUNIDADE			
Prácticas responsables.			
Modelo de negocio sostible.			
Relación cos grupos de interese.			
Impacto socioeconómico na sociedade.			

Esta análise axúdanos a establecer os **obxectivos** da nosa estratexia de responsabilidade social corporativa:

1. Cumprimento e desenvolvemento dos dez principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas sobre prácticas de respecto aos dereitos humanos, traballo digno, respecto polo medio ambiente e políticas anti-corrupción, asumíndoas como propias.
2. Implantación dun modelo de xestión integral que desenvolva os principios de responsabilidade social corporativa, seguridade e saúde laboral, medio ambiente e seguridade da información.
3. Integración da RSC na nosa estratexia corporativa de maneira que todas as nosas accións neste ámbito respondan a un esquema previo de reflexión, análise e consenso.

4. Establecemento de canles de comunicación con todos os nosos grupos de interese para atender as necesidades e requirimentos vinculados coa nosa actividade.

Estes obxectivos marcan o noso roteiro e **os compromisos** asumidos en materia de responsabilidade social, que reflectimos aquí en función do seu grao de cumprimento. Ambos os instrumentos foron aprobados pola xerencia de RETEGAL e referendados polo Consello de Administración.

COMPROMISO	PLAN/ACCIÓN QUE O DESENVOLVE	GRAO DE CUMPRIMENTO
Integrar a RSC na xestión da organización, someténdoa ás operacións de análises, control e mellora especificadas no noso modelo de xestión corporativo.	Plan Director 2018-2020	En proceso de execución
Planificación de actividades considerando os condicionantes da contorna, dos recursos e dos procesos existentes na organización, e despregamento de accións nos ámbitos económico, social, laboral, ambiental e operacional.	Plan Director 2018-2020	En proceso de execución
Implantación dunha canle de comunicación bidireccional cos grupos de interese. Canle web de consultas.	Publicación na web de RETEGAL da memoria de responsabilidade social	Implantado
Seguimento continuo e análise de requirimentos de grupos de interese.	Sistema de xestión da calidade (UNE-EN ISO 9001:2015)	Implantado
Consolidación de políticas de contratación transparentes.	Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017 –2018	Implantado
Inclusión progresiva de cláusulas específicas para a contratación pública, relacionadas coa ética e/ou prácticas laborais, xestión financeira, respecto ambiental, competencia e anticorrupción.	Sistema de cumprimento. Compliance 2017-2018	Implantado



COMPROMISO	PLAN/ACCIÓN QUE O DESENVOLVE	GRAO DE CUMPRIMENTO
Adhesión, implantación, seguimento e reporte anual do grao de desenvolvemento dos principios de Global Compact de Nacións Unidas.	Adhesión á rede Global Compact de Nacións Unidas	En proceso de solicitude
Implantación dunha canle de comunicación interna para todos os empregados cos órganos directivos da compañía. Implantación dunha canle de denuncias.	Sistema de cumprimento. Compliance 2017-2018	Implantado
Implantación dun sistema de xestión en seguridade e saúde laboral en RETEGAL conforme á norma OHSAS 18001:2007 que permita un maior e mellor control das actividades da compañía.	Implantación da norma OHSAS 18001:2007	Implantado
Implantación dun sistema de xestión ambiental en RETEGAL conforme á norma UNE-EN ISO 14001:2015.	Implantación da norma UNE-EN ISO 14001:2015	Implantado
Facer extensible aos provedores e subcontratistas da sociedade o compromiso co medio ambiente.	Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017 –2018	En proceso de execución
Sensibilizar a todos os grupos de interese sobre a importancia de incorporar nas súas operacións, programas de actuación sensibilización co respecto ao medio ambiente.	Consolidación do modelo de xestión de RETEGAL 2017 –2018	En proceso de execución

## OBXECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

En setembro de 2015, Nacións Unidas adoptou un conxunto de 17 obxectivos xerais e 169 metas para erradicar a pobreza, protexer o planeta e asegurar a prosperidade para todas as persoas, dentro da nova axenda de desenvolvemento sostible. Son os coñecidos como **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** (ODS). Os ODS deben terse en conta para avanzar cara un futuro onde a rendibilidade das empresas vaia da man da sostibilidade social e ambiental. Esta folla de roteiro é común para todos os actores involucrados no desenvolvemento sostible, incluíndo gobernos, empresas privadas e sociedade civil.

En RETEGAL somos conscientes da importancia de contribuír como entidade á consecución dos ODS. Por iso, nesta nova versión da nosa memoria de responsabilidade social, para cada un dos capítulos, informamos da nosa contribución a determinadas metas concretas. Para iso, baseámonos no modelo proposto na guía *Business Reporting on the SDGs: An Analysis of Goals and Targets*, elaborada pola Plataforma de reporte sobre os ODS, *Action Platform for Reporting on the Sustainable Development Goals*, organizada conxuntamente polo Pacto Mundial das Nacións Unidas e Global Reporting Initiative.

## RELACIÓN COS GRUPOS DE INTERESE

A participación dos grupos de interese é imprescindible para que en Retegal podamos alcanzar os nosos obxectivos. Ademais, debemos sempre ter en conta as súas necesidades xa que se ven afectados directamente polas nosas actuacións. Somos conscientes de que non podemos crear valor de forma sostible e afrontar os retos e oportunidades que xorden na nosa contorna se non se teñen en conta as súas necesidades e expectativas.

Para poder levar a cabo estas relacións, cinguímonos aos principios recolleitos en diversas políticas, como a nosa Política de Responsabilidade Social Corporativa, Política de Calidade, Código Ético ou a Política Ambiental, entre outras.

<b>IDENTIFICACIÓN:</b> consiste en identificar todos os grupos de interese que poidan estar relacionados connosco ao longo da nosa cadea de valor e na contorna no que desenvolvemos a nosa actividade.	<b>PRIORIZACIÓN:</b> clasificación e determinación de cales son os grupos de interese prioritarios en base ao noso modelo de negocio.	<b>COMUNICACIÓN:</b> establécense as diferentes canles de comunicación para establecer relacións con cada un deles, en base ás súas necesidades e prioridades.
---	---	--

<b>ACCIONISTAS</b>	A Xunta de Galicia é o socio único da nosa entidade, que participa na xestión a través da Xunta Xeral e o Consello de Administración.
<b>SECTOR PÚBLICO AUTONÓMICO</b>	E, en particular, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) e a Secretaría Xeral de Medios.
<b>RESTO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS</b>	É de especial importancia para nós manter unhas relacións fluídas co resto das administracións públicas, tanto a nivel local, como autonómico, nacional e internacional.
<b>ORGANISMOS REGULADORES</b>	Prestamos especial atención a toda a normativa e regulación de ámbito nacional, comunitario e internacional en todas aquelas materias que afectan á nosa actividade.
<b>PERSOAL</b>	As persoas que traballan en Retegal son o noso maior valor. Desenvolvemos políticas activas para lograr o seu compromiso e implicación profesional. Contamos cunha canle de comunicación interna dispoñible para todas as traballadoras e os traballadores.
<b>USUARIOS DE SERVIZOS</b>	O noso traballo está dirixido a lograr a máxima satisfacción da nosa clientela. A través dos cuestionarios de calidade recolleemos opinións e suxestións para a mellora continua.
<b>PROVEDORES</b>	A nosa rede de colaboradores é seleccionada coidadosamente en base á normativa de contratación pública. En coherencia co noso modelo de xestión, estendemos os requirimentos e compromisos en materia social, laboral, ética, de seguridade e saúde, calidade e medio ambiente a todos eles.
<b>UNIVERSIDADES</b>	Coas que participamos en diferentes proxectos de I+D+i.

## SOCIEDADE

Son os beneficiarios indirectos da nosa actividade. O posuír unhas infraestruturas públicas de telecomunicacións de calidade permite asegurar o compromiso de universalidade de acceso a medios de comunicación adecuados.

## COMPROMISO SOCIAL




Como parte do noso compromiso social, destaca o programa de visitas educativas ás nosas instalacións. Esta actividade pretende achegar ás alumnas e alumnos que nos visitan como funciona unha empresa de telecomunicacións e como realizamos os nosos diferentes servizos, resaltando a importancia da coordinación de CEXAR.

Durante o período desta memoria, contamos con visitas por parte de **113 alumnos/as** de tres centros docentes:


- Centro de Formación Profesional Daniel Castelao (Vigo en 2017 e 2018).
- IES Monte da Vila (O Grove, 2017).
- Escola de Suboficiais da Armada (Marín, 2017).



# As nosas persoas

ODS	META	CONTRIBUCIÓN RETEGAL
<b>4</b> EDUCACIÓN DE CALIDAD 	4.4	Unha das nosas prioridades é dar aos nosos empregados e empregadas oportunidades de formación para que poidan adquirir novos coñecementos e desenvolver o seu talento.
	4.5	
<b>5</b> IGUALDAD DE GÉNERO 	5.1	En RETEGAL somos unha empresa comprometida coa igualdade de xénero.
<b>8</b> TRABAJO DECENTE Y CRECIMIENTO ECONÓMICO 	8.5	En RETEGAL xeramos ambientes laborais estables e seguros, que fomenten a conciliación da vida profesional e persoal, así como a igualdade de oportunidades e o desenvolvemento profesional. Mostra diso é a nosa aposta pola implantación e renovación das certificacións OHSAS 18001:2007 nos nosos centros de traballo.
	8.6	
	8.8	

Retegal é unha organización que conta con 47 persoas no seu cadro de persoal. A través do seu traballo e profesionalidade, son os artífices de que a empresa avance no seu modelo de negocio sostible tendo en conta os seus valores corporativos sempre presentes.



Como empresa pública que somos, Retegal realiza as súas contratacións seguindo os principios de igualdade, mérito e capacidade, así como os de publicidade e libre concorrência. Na actualidade contamos con varias listas temporais de emprego, que son a nosa fonte de persoas candidatas para ocupar diferentes postos. Entre as nosas accións prioritarias en materia de persoal a medio prazo está a actualización destas listas de contratación.


O convenio colectivo de Retegal é o documento que recolle o réxime de vacacións, permisos e licenzas aplicables á totalidade do noso persoal. Ademais, neste documento recóllese o período de aviso previo/previo aviso que se debe cumprir en caso de cambios significativos na organización do traballo.

O perfil de persoas que conforman o noso persoal é:

	TÉCNICO DE CAMPO	TÉCNICO DE OPERACIÓNS	ADMINISTRACIÓN TÉCNICA	ADMINISTRACIÓN
Home	22	5	10	2
Muller	0	1	2	5
Totais	22	6	12	7

	CENTRO							
	BAILADORA	ADM.RETEGAL SAN MARCOS	DOMAIO	MEDA	PARAMO	SAN MARCOS	SUSTIT.	XISTRAL
Home	3	11	2	3	3	10	3	4
Muller	0	7	0	0	0	1	0	0
Totais	3	18	2	3	3	11	3	4

Retegal é unha empresa dividida en dúas grandes áreas: a técnica e a financeiro-administrativa, ambas dependentes da xerencia da empresa. Esta distribución baséase na nosa actividade, cunha xerarquía flexible que favorece a comunicación constante entre todas as persoas que formamos parte dela.



## FORMACIÓN

O desenvolvemento profesional é un eixo de grande importancia en RETEGAL. Neste sentido na última bianualidade impartíronse 58 horas de formación. Todo o persoal participou nalgún dos cursos programados. A formación prográmase a partir das recomendacións da Comisión coordinadora de carácter consultivo e de composición paritaria, que se reúne periodicamente co fin de propoñer á empresa un programa xeral de formación en función das necesidades da organización.

Ao longo destes dous anos, os principais indicadores relativos á formación móstrannos como, en xeral, as mulleres participan en máis actividades formativas o que supón unha diferenza promedia anual de case 6,5 h entre os dous anos.

	2017		2018	
<b>Media de horas de formación</b>	11,42		11,17	
	<b>H</b>	<b>M</b>	<b>H</b>	<b>M</b>
<b>Media de horas de formación</b>	12,87	21,0	11,82	16,75

## Principais programas de formación 2017-2018

ÁREA	TIPOLOXÍA CURSOS
<b>Seguridade e saúde</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Primeiros auxilios.</li> <li>• Riscos específicos do posto de traballo.</li> <li>• Condución segura.</li> <li>• Condución de vehículos 4x4.</li> <li>• Extinción de incendios.</li> </ul>
<b>Xestión</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Riscos xurídicos.</li> <li>• Corporate Compliance.</li> <li>• Información Sistema de Xestión Integrado e sensibilización.</li> <li>• Implantación PG-22 e PG-33.</li> </ul>
<b>Habilidades profesionais</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plataforma de desenvolvemento de aplicacións DOTS.</li> <li>• TETRA: Enxeñería.</li> <li>• TETRA: Medidas de Cobertura estacións radio base.</li> <li>• Equipo de medida RODHE&amp; SCHWARZ.</li> <li>• Equipo de medida ANRITSU.</li> </ul>

## CALIDADE DO EMPREGO

As persoas de Retegal percibimos uns salarios dignos en base ao nivel de vida da nosa comunidade, moi superiores ao salario mínimo vixente por grupo profesional. En 2018, os gastos de persoal situáronse en 2,6 millóns de euros. Do total, 2,1 millóns eran cantidades satisfeitas en concepto de salarios. E outros 523.463 euros eran cotizacións á Seguridade Social dos nosos empregados.

	2017	2018
<b>Salarios</b>	2.174.383€	2.115.614€
<b>Cotizacións á Seguridade Social</b>	523.463€	516.186€
<b>Totais</b>	<b>2.690.569€</b>	<b>2.639.078€</b>

En Retegal contamos con dúas persoas que ocupan rangos de máxima dirección. O rango de salarios brutos oscila entre os 18.090,55€ e os 67.094,27€, o que implica unha diferenza salarial de 3,7 puntos.



## SEGURIDADE E SAÚDE

A Política de Seguridade e Saúde Laboral de Retegal defende firmemente que a saúde e a seguridade no traballo permiten e incrementan a produtividade e guían a forma en que desenvolvemos o noso traballo.

En virtude desa norma, mantemos como unha prioridade a consecución dos máis altos estándares en xestión de Seguridade e Saúde e deseñamos todas as nosas actuacións para garantir a seguridade dos traballadores, usuarios e provedores nos centros de traballo.

Contamos coa certificación OHSAS (*Occupational Health and Safety Assessment Series*) 18001:2007, que define os requisitos para establecer, implantar e operar un sistema efectivo de Seguridade e Saúde Laboral. A previsión no curto prazo é avanzar na transición ao novo Sistema de Certificación ISO 45001:2018, o máis alto estándar internacional de Sistemas de Xestión.

	ÍNDICE DE INCIDENCIA		ÍNDICE DE GRAVIDADE		ÍNDICE DE FRECUENCIA	
	2017	2018	2017	2018	2017	2018
Home	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Muller	2.222,22	0,00	0,09	0,00	13	0,00
Totais	2.222,22	0,00	0,09	0,00	13	0,00


Índice de Incidencia con baixa= (Nº de accidentes con baixa \*100.000)/Media de traballadores | Índice de gravidade= (Días de baixa \*1.000)/Horas traballadas | Índice de frecuencia= (Nº de accidentes con baixa \*1.000.000)/Horas Traballadas

En Retegal contamos cun Comité de Seguridade e Saúde, onde participan as persoas que teñen asignadas as funcións de delegados/ as de prevención. Todo o persoal está

---

representada por este Comité. Ademais, o convenio colectivo de Retegal conta cun capítulo dedicado exclusivamente á prevención e saúde no traballo.

# Os nosos usuarios de servizos

ODS	META	CONTRIBUCIÓN RETEGAL
	9.1	
	9.2	Desenvolvemos infraestruturas fiables e sostibles, que sirvan de apoio para o progreso tecnolóxico da nosa comunidade autónoma. Tecnoloxía para un acceso universal ás telecomunicacións a través dunha industrialización inclusiva e sostible.
	9.4	
	9.5	

Cos nosos usuarios de servizos temos un contacto diario porque as súas necesidades son o eixo vertebrador da nosa actividade. Traballamos para que sintan recolleitos todos os seus intereses e esforzámonos en desenvolver e manter un sistema de calidade que nos permita ofrecer solucións no menor tempo posible, de forma particular. Tamén avanzamos para xerar relacións de confianza e desenvolver novos proxectos innovadores con axentes clave do sector.

## CALIDADE DOS NOSOS SERVIZOS

Dentro da nosa estratexia de aposta pola mellora continua, contamos cun sistema de xestión da calidade certificado conforme á norma UNE-EN ISO 9001. Dentro deste modelo de traballo avaliamos anualmente a satisfacción da nosa clientela. Estes estudos céntranse nos servizos que prestamos a través do CEXAR, nas súas actividades de atención a usuarios, xestión de incidencias, reclamacións e traballos programados.

Tamén dispoñemos doutras vías de comunicación alternativas para a formulación de reclamacións, incidencias e/ou suxestións:

- Na xestión de incidencias, traballos programados e reclamacións de servizo, asínanse procedementos de comunicación na que se identifican os interlocutores de cada parte, incluíndo os niveis de escalado.

- Fóra da xestión de incidencias, as suxestións relacionadas co servizo en xeral trátanse de canalizar a través do responsable de Desenvolvemento de Servizos.

ANO	ÍNDICE DE SATISFACCIÓN	ASPECTO MÁIS VALORADO	ASPECTO MENOS VALORADO
2017	4,27	Amabilidade e corrección do persoal (4,56)	Comunicación e informes co cliente (4,00)
2018	4,49	Xestión e facilidade de accesos (4,83)	Tempo de resolución de incidencias, Seguimento e reporte de traballos, Grao de resposta as súas necesidades (4,17)

Nunha escala de valoración de 0 a 5.

## CONFIANZA

Unha das nosas máximas prioridades con relación aos usuarios dos nosos servizos e clientes, é a protección dos seus datos persoais. Durante o ano 2018, continuamos impulsando a transparencia e información sobre o uso dos datos persoais, actualizando todos os nosos procedementos ás novas esixencias e dereitos contemplados no Regulamento Xeral de Protección de Datos ( RGPD), de aplicación en toda a Unión Europea.

## INNOVANDO EN TELECOMUNICACIÓNS

Desde a nosa constitución, mantivemos un papel activo na investigación, desenvolvemento e innovación das TIC, faceta que se quere reforzar formulando como obxectivo estratéxico da entidade, a participación na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no campo das telecomunicacións.

### 1. Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia.

Por convenio entre Retegal e o Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais (SPDCIF), estamos a realizar proxectos piloto para a análise de diferentes

---

tecnoloxías da área TIC á detección temperá de incendios. Enmarcada nesta liña de actuacións atópase o convenio entre a Consellería do Medio Rural, a AMTEGA e RETEGAL, asinado o día 9 de xaneiro de 2018, para o despregamento da **Rede de vixilancia dos espazos forestais de Galicia**, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020, Medida 8 (M08) Investimentos no desenvolvemento de zonas forestais e mellora da viabilidade dos bosques, Submedida 8.3, axuda para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes, que articula a posta en marcha e mantemento desta Rede de vixilancia dos espazos forestais ata 2022.

## **2. Lifetec.**

Estamos a participar con AMTEGA, a Universidade de Vigo, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (SXCAA) e o Instituto Portugués do Mar e da Atmosfera (IPMA), no proxecto **LIFETEC (“Fighting Forest Fires Using Electronic Communication Technologies”)**, concedido pola Comisión Europea e pertencente ao seu programa de proxectos da convocatoria LIFE 2016, para a detección temperá de incendios forestais utilizando tecnoloxías de comunicación electrónica.

## **3. Xestión do Nodo 5G de Galicia.**

Dentro da Medida 2 do Plan Galicia 5G (impulsar as tecnoloxías 5G) contéplase a posta en marcha dun **Nodo de Cooperación 5G** onde conflúan os desenvolvedores de solucións 5G cos potenciais demandantes, actuando como concentrador do ecosistema galego 5G de modo que se poida avanzar na concreción da aplicación práctica das tecnoloxías 5G para resolver os retos do mercado.

---

Dentro da Medida 3 do Plan Galicia 5G (Galicia rexión piloto 5G) contempla a realización de probas de concepto das tecnoloxías 5G, destacando a necesidade de que na súa definición se impliquen os operadores, o hipersector TIC e os diferentes sectores socioeconómicos de Galicia, coa intención de que se aborden de forma innovadora retos de relevancia para Galicia.

RETEGAL como servizo técnico e medio propio da Administración Autonómica, na súa calidade de operador público de telecomunicacións, está **a coordinar o Nodo de Cooperación Rexional 5G** e a execución das probas de concepto.





O Nodo de Cooperación 5G xorde como consecuencia do desenvolvemento dunha das Medidas establecidas no Plan Galicia 5G e que trata de situar a Galicia como rexión de referencia no desenvolvemento das tecnoloxías 5G.

#### **4. Despregamento de redes de fibra en zonas urbanas de especial protección.**

Retegal atópase avaliando tecnoloxías que favorezan o despregamento de redes de fibra en zonas urbanas de especial protección para poder concluír no desenvolvemento dun documento que constitúa unha **guía de boas prácticas para actuacións de tendido de rede de fibra óptica nos conxuntos históricos de Galicia** e zonas urbanas de especial protección.



# A nosa contorna

ODS	META	CONTRIBUCIÓN RETEGAL
<b>7</b> ENERGÍA ASEQUIBLE Y NO CONTAMINANTE 	7.2	Xestionamos eficientemente o uso dos recursos enerxéticos, en base ao noso compromiso adquirido na nosa Política Ambiental de minimizar o impacto no medio ambiente das actividades que realizamos.
	7.3	
<b>12</b> PRODUCCIÓN Y CONSUMO RESPONSABLES 	12.2	O noso sistema de xestión ambiental sérvenos para realizar unha xestión eficiente do uso dos recursos naturais.
<b>13</b> ACCIÓN POR EL CLIMA 	13.3	Anualmente analizamos as emisións de gases de efecto invernadoiro.
<b>15</b> VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES 	15.4	Realizamos os nosos traballos co foco posto en minimizar o impacto sobre a biodiversidade e manter a riqueza dos diferentes ecosistemas.
	15.5	

En Retegal somos conscientes da importancia de minimizar, na maior medida das nosas posibilidades, o impacto ambiental asociado ás nosas actividades. Por iso, contamos cunha política ambiental como eixo fundamental sobre o cal construímos o noso sistema de xestión ambiental en base ao estándar UNE-EN ISO 14001. A nosa estratexia en materia ambiental céntrase en tres puntos: enerxía, auga e biodiversidade.

## ENERXÍA

Estamos enfocados para lograr a maior eficiencia enerxética nas nosas actividades. Por iso, fomentamos, a través da contratación pública, a adquisición de equipos enerxeticamente eficientes, establecendo criterios que poñan en valor estes equipos.

Principalmente usamos enerxía eléctrica para a iluminación, calefacción, refrixeración e alimentación dos diferentes equipamentos eléctricos e electrónicos. Debido ao alto consumo enerxético que está asociado á nosa actividade, desenvolvemos unha serie de iniciativas dirixidas á súa minimización como son:

- Contratación centralizada da enerxía eléctrica a través do contrato marco da Xunta de Galicia.
- Nos procesos de renovación de equipamento primase na contratación a eficiencia enerxética (potencia entregada / potencia demandada).
- Nos sistemas de refrixeración téndese á utilización de sistemas de convección e ventilación fronte a sistemas de refrixeración.
- Nos procesos de compra ou aluguer a longo prazo de vehículos valórase o seu consumo e os seus niveis de contaminación.

Debido á nosa dependencia da electricidade para ofrecer os nosos servizos, contamos con 37 grupos electrógenos que usamos en casos de corte de subministración da rede principal.

#### ENERXÍA ELÉCTRICA REDE

ANO	CONSUMO (kWh)	CONSUMO UNITARIO (kWh/centro)	INTENSIDADE ENERXÉTICA (kWh/€)
<b>2017</b>	9.677.041	37.949	0,98
<b>2018</b>	10.575.426	41.472	1,03

Reportamos a intensidade enerxética en base ás recomendacións de GRI sobre enerxía consumida por unidade monetaria de ingresos.

#### ENERXÍA ELÉCTRICA GRUPOS ELECTRÓXENOS

ANO	CONSUMO (l)	CONSUMO UNITARIO (l/vehículo)	INTENSIDADE ENERXÉTICA (kWh/€)
<b>2017</b>	5.221	1.819	$43,08 \cdot 10^{-3}$
<b>2018</b>	4.805	1.698	$38,40 \cdot 10^{-3}$

Reportamos a intensidade enerxética en base ás recomendacións de GRI sobre enerxía consumida por unidade monetaria de ingresos.

↓ **Redución do 12,1% da intensidade enerxética dos nosos grupos electrógenos**

102-11, 302-1, 302-2, 302-3, 302-4

En Retegal tamén contamos con vehículos de empresa para realizar desprazamentos no marco das diferentes labores de mantemento e xestión de infraestruturas. Contamos cunha frota con 22 vehículos, en todos eles usamos gasoil como combustible. Somos conscientes de que o transporte é unha actividade moi dependente dos combustibles derivados do petróleo por esa razón, a medio prazo, en caso de modificación da nosa frota de vehículos, apostaremos por modelos enerxeticamente máis eficientes e que empreguen fontes de enerxía alternativas.

#### TRANSPORTE E ENERXÍA

ANO	CONSUMO (l)	CONSUMO UNITARIO (l/vehículo)	INTENSIDADE ENERXÉTICA (kWh/€)
2017	40.025	141	$43,08 \cdot 10^{-3}$
2018	37.365	130	$38,40 \cdot 10^{-3}$

Reportamos a intensidade enerxética en base ás recomendacións de GRI sobre enerxía consumida por unidade monetaria de ingresos.

↓ **Redución do 12,5% da intensidade enerxética asociada ao transporte.**

#### EMISIÓN

Debido aos nosos consumos enerxéticos en Retegal emitimos á atmosfera un total de **8.554,22 toneladas de CO<sub>2</sub> equivalente** nesta bianualidade. A maior incidencia débese ás emisións indirectas asociadas ao consumo de electricidade e nestes dous anos mantivemos case constante a nosa intensidade nas emisións de gases de efecto invernadoiro.

ANO	EMISIÓN DIRECTAS (toneladas CO <sub>2</sub> )	EMISIÓN INDIRECTAS (toneladas CO <sub>2</sub> )	EMISIÓN TOTAIS (toneladas CO <sub>2</sub> )	INTENSIDADE DAS EMISIÓN DE GEI (kg CO <sub>2</sub> /€)
2017	129,77	3.967,59	4.097,35	0,42
2018	120,94	4.335,92	4.456,87	0,43

Reportamos a intensidade enerxética en base ás recomendacións de GRI sobre enerxía consumida por unidade monetaria de ingresos.

302-1, 302-2, 302-3, 302-4, 305-1, 305-2, 305-4, 305-5

## USO EFICIENTE DOS RECURSOS

A aposta pola xestión responsable dos recursos é un dos puntos clave da nosa política ambiental. Como empresa tecnolóxica, xeramos unha gran cantidade de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos. Ademais, ao formar parte dun sector onde os ciclos de innovación son cada vez máis curtos, é necesario tomar medidas para reducir a súa xeración de residuos.

En Retegal contamos con varios procedementos de reciclaxe e reutilización de equipos, minimizando o noso impacto final en canto á produción deste tipo de residuos.

As tarefas de mantemento nos nosos centros, fan que os vehículos da empresa se atopen continuamente sobre o terreo. Por iso, é necesario realizar periodicamente postas a punto dos vehículos que implican substitución de pneumáticos. Todos estes residuos son enviados a un xestor autorizado de residuos.

### RESIDUOS


ANO	PNEUMÁTICOS (Unidades)	TIPO DE TRATAMENTO
2017	28	Reciclaxe a través de xestor autorizado
2018	10	Reciclaxe a través de xestor autorizado

## BIODIVERSIDADE

Os nosos 291 centros activos en 2017 e 2018 atópanse repartidos ao longo de toda a xeografía galega. Moitas destas localizacións atópanse en zonas de elevada cota, polo que prestamos especial atención á instalación e mantemento das nosas infraestruturas, garantindo que a construción das novas redes de telecomunicacións se realice de forma equitativa, eficiente e respectuosa co medio ambiente.



# Bo Goberno

ODS	META	CONTRIBUCIÓN RETEGAL
	16.6	Somos unha empresa pública que cumprimos con todas as esixencias en materia de transparencia impulsadas polo goberno central e autonómico.

Desde Retegal damos cumprimento ás directrices elaboradas pola Xunta de Galicia en canto á transparencia e goberno aberto con relación a aspectos institucionais, xurídicos, económicos, en materia de persoal, patrimonial e de contratación, así como en todo aquilo vinculado ás relacións coa cidadanía. Para iso, na nosa páxina web pódese atopar un apartado específico con esta información de interese.

## COMPLIANCE

Desenvolvemos un **modelo propio de Compliance**. O noso obxectivo é dispoñer dun sistema de organización, prevención, detección, control e xestión de riscos legais e reputacionais, derivados de potenciais incumprimentos de normas aplicables, normas internas e mellores prácticas que resulten de aplicación nas empresas do noso sector. Para a construción do noso modelo estamos a tomar como base as directrices previstas no marco lexislativo, en concreto o recolleito nas diferentes reformas do Código penal en materia de responsabilidade penal da persoa xurídica. O punto de partida constitúeo o noso **Código Ético e de Conduta**, aprobado en xullo de 2017, así como o noso **Plan de Prevención de Delitos**.



## GOBERNO CORPORATIVO

Consideramos como goberno corporativo a forma na que Retegal se organiza, está dirixida e é controlada. Unha parte fundamental do bo goberno é o seguimento por parte do equipo xestor e dos membros do seu Consello de Administración das normas, recomendacións e boas prácticas existentes. É, por tanto, unha extensión do Compliance. Os aspectos máis importantes vinculados co goberno corporativo están asociados a:

- Capital Social
- Xunta Xeral de Accionistas.
- Consello de Administración.
- Alta Dirección.

### CAPITAL SOCIAL DE RETEGAL

O capital social fíxase na cantidade de sesenta mil cento dez euros (60.110,00 euros) dividido en mil acciones nominativas de sesenta con once euros (60,11 euros) cada unha, numeradas do un ao mil, ambas inclusive, totalmente subscritas e desembolsadas. Todas elas confiren os mesmos dereitos políticos e económicos.

### XUNTA XERAL DE ACCIONISTAS DE RETEGAL

A Xunta Xeral de Accionistas é o órgano de administración e fiscalización dentro da nosa sociedade, onde se toman as decisións clave de funcionamento. Entre outras atribucións, á Xunta Xeral de Accionistas correspóndelle a determinación do número concreto de conselleiros do Consello de Administración, así como a súa elección.

### CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DE RETEGAL

El Consello de Administración é o órgano de representación e administración da sociedade.

---

En 2018, o Consello de Administración está integrado por sete membros, Presidenta, Vicepresidenta, catro Conselleiros/as e un Secretario. Cunha composición dun 43% de mulleres e un 57% de homes:

- **Presidenta: Pereira Álvarez, M<sup>a</sup> del Mar.**
- **Vicepresidenta: Sánchez Sierra, Mar.**
- **Secretario: González Murga, Enrique.**
- **Vogal: Fernández Dabouza, Mauro M.**
- **Vogal: Méndez Calvo, Rosa María.**
- **Vogal: Otero López, Ignacio José.**
- **Vogal: Rodríguez Barrio, Miguel.**

Son competencias do Consello de Administración:

1. Representar á sociedade en xuízo e fóra del.
2. Aprobar os regulamentos de réxime interior, así como os de organización interna, estrutural e funcional.
3. Propoñer á Xunta Xeral extraordinaria o aumento ou diminución do capital social, previo cumprimento dos requisitos legalmente necesarios.
4. Convocar ás xuntas de accionistas, xa sexa ordinarias ou extraordinarias, e executar os seus acordos.
5. Recibir información sobre a marcha da sociedade, coa amplitude que o propio Consello xulgue necesario.
6. Formular as contas anuais, o informe de xestión e a proposta de aplicación do resultado no prazo máximo de tres meses a partir do peche do exercicio social.
7. Dirixir o persoal, nomeando e separando empregados e fixando a súa retribución.
8. Aprobar un cadro de persoal, que incluírá os postos de persoal directivo, e os instrumentos polos que se regulen as condicións de traballo do persoal, a

---

subscrición de convenios colectivos, as ofertas de emprego e as bases das convocatorias de contratación de persoal que requirirán, en todo caso, informe previo e favorable dos centros directivos competentes en materia de orzamentos e función pública. Nomear ao director/a xerente, a proposta del/de la presidente/a.

9. Autorizar convenios de cooperación ou colaboración con institucións públicas ou privadas.
10. As consignadas dunha maneira especial en artigos determinados destes estatutos.

## TRANSPARENCIA NA POLÍTICA DE AXUDAS E SUBVENCÍONS

Como empresa de capital público, en Retegal soamente acudimos a convocatorias de axudas e subvencións naqueles casos onde:

- O obxecto da axuda ou subvención se enmarque nas prioridades estratéxicas de RETEGAL e, en concreto, as necesidades de mellora de produtos ou servizos.
- As condicións de participación nestes procesos, principalmente se se trata dun proxecto individual ou en consorcio. Neste último caso prestarase especial atención a posibles conflitos de intereses con posibles socios involucrados no proxecto.

Toda solicitude de axuda ou subvención ten que estar aprobada e documentalmente formalizada pola xerencia da empresa. Nestes últimos dous anos non recibimos subvencións de explotación nin de capital por parte da Xunta de Galicia. Así mesmo, nin recibimos nin contribuímos, directa ou indirectamente, ao financiamento de ningún partido político.

---

## PRÁCTICAS DE COMPRAS RESPONSABLES

En Retegal estamos comprometidos co cumprimento da lei de contratos e coa xestión responsable da cadea de subministración.

A nova gobernanza global demándanos incorporar criterios de responsabilidade social como instrumento de cohesión, compromiso e sustentabilidade. Por iso, incorporamos de forma transversal a todas as nosas operacións, criterios de economía responsable, dereitos humanos, prácticas laborais adecuadas, xestión ética e respecto ambiental.

Dada a nosa condición de sociedade mercantil pública establecemos un proceso público, aberto e transparente de acceso á contratación. Por iso fomos incorporando progresivamente cláusulas de protección de dereitos humanos, sociais e laborais, especialmente na contratación de servizos. Ademais, nun exercicio adicional de transparencia, establecemos nos nosos procedementos de contratación a obrigatoriedade de solicitar un mínimo de tres ofertas para todas as contratacións menores de importe superior ou igual a 6.600 euros, salvo casos excepcionais e sempre con xustificación motivada por escrito.

Para garantir que estas relacións comerciais se desenvolven en torno ao marco de cumprimento establecido por Retegal, desde 2017 solicitamos aos nosos provedores a adhesión ao código ético da empresa, que garante que todas as relacións derivadas dos intercambios comerciais se executan atendendo a aspectos clave como a seguridade e saúde no traballo, a calidade do servizo e o respecto ao medio ambiente. Adicionalmente, solicitamos aos nosos provedores que mostren manifestamente que acatan o código Ético da Xunta de Galicia e o Plan de Prevención de Delitos da nosa entidade.


# Impacto socioeconómico

Como empresa pública guiámonos pola normativa en materia financeira e contable de Galicia. Temos un orzamento anual estimativo, polo que presentamos os nosos orzamentos de explotación e capital e, de ser o caso, os nosos plans de actuación, investimentos e financiamento de forma individual e consolidada.

Os orzamentos de explotación e de capital integraranse nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, que á súa vez establecerá un control sobre a execución do noso orzamento.

## Ingresos

Os ingresos de Retegal teñen como orixe única as vendas dos nosos servizos ás diferentes entidades que conforman a nosa carteira de clientes. No último ano crecemos un 4,73%, aínda que é certo que aínda non regresamos ao volume de ingresos do ano 2016.



## Aprovisionamentos

Neste apartado incluimos, esencialmente, os importes correspondentes á compra

de materias primas ou traballos realizados por terceiras empresas necesarios para o desenvolvemento da nosa actividade, así como outros gastos directos relacionados coa adquisición de mercadorías.

APROVISIONAMENTOS	2016	2017	2018
Consumos de materias primas	3.831.507,23€	1.353.034,33€	1.494.250,71€
Traballos realizados por outras empresas	288.199,75€	279.102,58€	307.856,26€
<b>TOTAL</b>	<b>4.119.706,98€</b>	<b>1.632.136,91€</b>	<b>1.802.106,97€</b>

## Gastos de persoal

Este punto das nosas contas fai referencia, por unha banda, ao gasto en soldos e salarios e as contribucións á Seguridade Social da nosa empresa.

GASTOS DE PERSOAL	2016	2017	2018
Soldos, salarios e asimilados	2.163.107,86€	2.174.383,58€	2.115.614,46€
Cargas sociais	559.403,90€	516.186,22€	523.463,81€
<b>TOTAL</b>	<b>2.722.511,76€</b>	<b>2.690.569,80€</b>	<b>2.639.078,27€</b>

## Otros gastos de explotación

Aquí recolleemos os gastos debidos á contratación de servizos exteriores, tributos, perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais e outros gastos de xestión corrente.

OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN	2016	2017	2018
Servizos exteriores	4.334.053,15€	4.720.366,54€	4.784.366,71€
Tributos	2.993,20€	2.987,77€	2.982,80€
Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais	*	67.884,53€	49.902,96
Outros gastos de xestión corrente	197,44€	---	**
<b>TOTAL</b>	<b>4.331.866,89€</b>	<b>4.791.238,84€</b>	<b>4.837.252,35€</b>

\* Corresponde a un saldo en positivo de 5.356,90€ | \*\* Corresponde cun saldo positivo de 0,12€



Con toda esta información podemos coñecer cal é o **valor económico xerado e distribuído**:

VALOR ECONÓMICO XERADO	2016	2017	2018
Ingresos por prestacións de servizos	12.129.601,62€	9.848.477,18€	10.314.059,16 €
Outros ingresos de explotación	3.072,00€	204,60€	0,00 €
Ingresos financeiros	2.849,72€	970,25€	287,11
<b>TOTAL</b>	<b>12.135.523,34 €</b>	<b>9.849.652,03 €</b>	<b>10.314.346,27 €</b>

VALOR ECONÓMICO DISTRIBUÍDO	2016	2017	2018
Consumos de materias primas	3.831.507,23€	1.353.034,33€	1.494.250,71€
Soldos, salarios e asimilados	2.163.107,86€	2.174.383,58€	2.115.614,46€
Traballos realizados por outras empresas	288.199,75€	279.102,58€	307.856,26€
Outros gastos de explotación	4.331.866,89€	4.791.238,84€	4.837.252,35€
Gastos financeiros	---	8,60	199,37
<b>TOTAL</b>	<b>10.614.681,73 €</b>	<b>8.597.767,93 €</b>	<b>8.755.173,15 €</b>

	2016	2017	2018
Valor económico retido	1.520.841,61 €	1.251.884,10 €	1.559.173,12 €

---

# ANEXO I

Este informe elaborouse de conformidade cos estándares de Global Reporting Initiative (GRI), de acordo coa **opción de conformidade esencial**.

Retegal está adherida ao Pacto Mundial das Nacións Unidas desde o ano 2016. No Índice GRI da presente Memoria, que tamén ten a función do Informe de Progreso, indícase as diferentes partes do documento que están relacionadas con cada un dos Principios do Pacto Mundial.

Esta memoria foi elaborada tendo como guía os seguintes principios de elaboración de memorias recollidos no estándar GRI 101: Fundamentos 2016:

- **Inclusión dos grupos de interese:** identificamos os nosos grupos de interese e mantemos un diálogo constante con eles para, desta forma, poder definir posteriormente como dar resposta ás súas expectativas e intereses.
- **Contexto de sostibilidade:** contribuímos, ou pretendemos contribuír no futuro, á mellora das tendencias, avances e condicións económicas, ambientais e sociais a nivel local, rexional ou global, todas elas interconectadas.
- **Materialidade:** cubrimos aqueles aspectos e indicadores que reflicten os impactos sociais, ambientais e económicos máis significativos da nosa organización ou aqueles que poderían exercer unha influencia substancial nas avaliacións e decisións dos seus grupos de interese.
- **Exhaustividade:** a cobertura dos temas materiais que manexamos e a definición da cobertura da información, son suficientes para reflectir os impactos sociais,

---

económicos e ambientais significativos e para permitir que os grupos de interese poidan avaliar o desempeño da empresa durante o exercicio.

---

## Glosario de termos relevantes de GRI

**Alcance:** conxunto de aspectos que se abordan nunha memoria.

**Aspecto:** a palabra “aspecto” é utilizada na guía para designar a lista de temas que se abordan na mesma.

**Aspectos materiais:** os aspectos materiais son aqueles que reflicten os impactos económicos, ambientais e sociais significativos da organización, así como os aspectos que influirían notablemente nas avaliacións e decisións dos grupos de interese. Para determinar se un aspecto é material sería recomendable levar a cabo unha análise cualitativa, unha avaliación cuantitativa e debater os seus resultados.

**Asunto:** a palabra “asunto” é utilizada na guía para designar calquera posible tema relacionado coa sostibilidade.

**Cobertura dun aspecto:** fai referencia á descrición do ámbito de impacto de cada aspecto material. Ao establecer a cobertura de cada aspecto, a organización ha de ter en conta os impactos tanto dentro como fóra da organización. A cobertura dos aspectos varía dependendo do aspecto en cuestión.

**Contido esencial:** se un informe se elaborou de acordo con esta opción, este contén a información mínima necesaria para comprender a natureza da organización, os seus temas materiais e impactos relacionados e como se xestionan estes.

**Contido exhaustivo:** esta opción créase a partir da opción Esencial, pero require contidos adicionais sobre estratexia, ética e integridade da organización e a súa gobernanza. Ademais, a organización está obrigada a informar máis amplamente dos seus impactos e a comunicar os contidos sobre o tema para cada tema material cuberto polos Estándares GRI.

**Contido sobre enfoque de xestión:** descrición narrativa sobre como unha organización xestiona os temas materiais e impactos relacionados.

**Grupos de interese:** entidades ou individuos aos que poden afectar de maneira significativa as actividades, os produtos ou os servizos da organización, e cuxas accións

---

poden afectar dentro do razoable á capacidade da organización para desenvolver con éxito as súas estratexias e alcanzar os seus obxectivos. Inclúense aquí as entidades ou os individuos cuxos dereitos en virtude dunha lei ou un acordo internacional permítenlles expor con total lexitimidade determinadas esixencias á organización. Entre os grupos de interese poden atoparse aqueles que manteñen unha relación económica coa organización (por exemplo, empregados, accionistas ou provedores) e os que teñen outro tipo de relación (por exemplo, os grupos vulnerables dentro de comunidades locais ou a sociedade civil).

**Impacto:** a non ser que se indique o contrario, os termos “impacto”, “consecuencias” ou “repercusión” fan referencia a efectos económicos, ambientais ou sociais significativos que poden ser positivos ou negativos, reais ou potenciais, directos ou indirectos, a curto ou a longo prazo, desexados ou involuntarios.

---

## Principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas

**Principio 1.** As empresas deben apoiar e respectar a protección dos Dereitos Humanos fundamentais, recoñecidos internacionalmente, dentro do seu ámbito de influencia.

**Principio 2.** As empresas deben asegurarse de que non son cómplices na vulneración dos Dereitos Humanos.

**Principio 3.** As empresas deben apoiar a liberdade de afiliación e o recoñecemento efectivo do dereito á negociación colectiva.

**Principio 4.** As empresas deben apoiar a eliminación de toda forma de traballo forzoso ou realizado baixo coacción.

**Principio 5.** As empresas deben apoiar a erradicación do traballo infantil.

**Principio 6.** As empresas deben apoiar a abolición das prácticas de discriminación no emprego e a ocupación.

**Principio 7.** As empresas deberán manter un enfoque preventivo que favoreza o medio ambiente.

**Principio 8.** As empresas deben fomentar as iniciativas que promovan unha maior responsabilidade ambiental.

**Principio 9.** As empresas deben favorecer o desenvolvemento e a difusión das tecnoloxías respectuosas co medio ambiente.

**Principio 10.** As empresas deben traballar contra a corrupción en todas as súas formas, incluídas extorsión e suborno.

## Índice de contidos de GRI

Contido	Números de páxina
<b>PERFIL DA ORGANIZACIÓN</b>	
102-1 Nome da organización	9
102-2 Actividades, marcas, produtos e servizos	10 Retegal non comercializa ningún produto ni servizo prohibido.
102-3 Localización da sede	10
102-4 Localización das operacións	9
102-5 Propiedade e forma xurídica	9
102-6 Mercados servidos	9
102-7 Tamaño da organización	9, 21, 22, 23
102-8 Información sobre empregados e outros traballadores	Non hai traballadores externos.
102-9 Cadea de subministro	40
102-10 Cambios significativos na organización e na súa cadea de subministro	Sen cambios
102-11 Principio ou enfoque de precaución	32
102-12 Iniciativas externas	47
102-13 Afiliación a asociacións	Asociación Nacional de Operadores de Telecomunicacións UNIRED
<b>ESTRATEGIA</b>	
102-14 Declaración de altos executivos responsables da toma de decisións	6, 14
<b>ÉTICA E VALORES</b>	
102-16 Valores, principios, estándares e normas de conducta	10, 36
102-17 Mecanismos de asesoramento e preocupacións éticas	36
<b>GOBERNANZA</b>	
102-18 Estrutura de gobernanza	37
102-20 Responsabilidade a nivel executivo de temas económicos, ambientais e sociais	38
102-21 Consulta a grupos de interese sobre temas económicos, ambientais e sociais	15, 20
102-22 Composición do máximo órgano de goberno e seus comités	38
102-23 Presidente do máximo órgano de goberno	38
102-24 Nominación e selección do máximo órgano de goberno	38
102-26 Función do máximo órgano de goberno na selección de propósitos, valores e estratexia	17
102-29 Identificación e xestión de impactos económicos, ambientais e sociais	15
<b>PARTICIPACIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE</b>	
102-40 Lista de grupos de interese	20
102-41 Acordos de negociación colectiva	22
102-42 Identificación e selección de grupos de interese	20



Contido	Números de páxina
102-43 Enfoque para a participación dos grupos de interese	15, 20
102-44 Temas e preocupacións chave mencionados	15, 20
<b>PRÁCTICAS PARA A ELABORACIÓN DE INFORMES</b>	
102-46 Definición dos contidos dos informes e as Coberturas do tema	15
102-47 Lista de temas materiais	15
102-50 Período obxecto do informe	69
102-51 Data do último informe	69
102-52 Ciclo de elaboración de informes	69
102-53 Punto de contacto para preguntas sobre o informe	69
102-54 Declaración de elaboración do informe de conformidade cos estándares GRI	3, 44
102-55 Índice de contidos GRI	48
<b>ENFOQUE DE XESTIÓN</b>	
103-1 Explicación do tema material e a súa Cobertura	15
103-2 O enfoque de xestión e os seus compoñentes	17
103-3 Avaliación do enfoque de xestión	17
<b>DESEMPEÑO ECONÓMICO</b>	
201-1 Valor económico directo xerado e distribuído	41, 42, 43
201-4 Asistencia financeira recibida do goberno	39
<b>PRÁCTICAS DE ADQUISICIÓN</b>	
204 Prácticas de adquisición	41, 42
<b>ANTICORRUPCIÓN</b>	
205-1 Operacións avaliadas para riscos relacionados coa corrupción	36
205-2 Comunicación e formación sobre políticas e procedementos anticorrupción	36
<b>ENERXÍA</b>	
302-1 Consumo enerxético dentro da organización	32, 33
302-2 Consumo enerxético fóra da organización	32, 33
302-3 Intensidade enerxética	32, 33
302-4 Redución do consumo enerxético	32, 33
<b>BIODIVERSIDADE</b>	
304-1 Centros de operacións en propiedade, arrendados ou xestionados localizados dentro de ou xunto a áreas protexidas ou zonas de gran valor para a biodiversidade fóra de áreas protexidas	34
<b>EMISIÓN</b>	
305-1 Emisións directas de GEI (alcance 1)	33
305-2 Emisións indirectas de GEI ao xerar enerxía (alcance 2)	33
305-3 Outras emisións indirectas de GEI (alcance 3)	33
305-4 Intensidade das emisións de GEI	33
305-5 Redución das emisións de GEI	33
<b>EFLUENTES E RESIDUOS</b>	
306-2 Residuos por tipo e método de eliminación	34
<b>RELACIONES TRABALLADOR-EMPRESA</b>	

Contido	Números de páxina
402-1 Prazos de aviso mínimos sobre cambios operacionais	22, 23
<b>SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO</b>	
403-1 Representación dos traballadores en comités formais traballador-empresa de saúde e seguridade	26
403-2 Tipos de accidentes e taxas de frecuencia de accidentes, enfermidades profesionais, días perdidos, absentismo e número de mortes por accidente laboral ou enfermidade profesional	26
403-4 Temas de saúde e seguridade tratados en acordos formais con sindicatos	26
<b>FORMACIÓN E ENSEÑANZA</b>	
404-1 Media de horas de formación ao ano por empregado	23
404-2 Programas para mellorar as aptitudes dos empregados e programas de axuda á transición	24
<b>DIVERSIDADE E IGUALDADE DE OPORTUNIDADES</b>	
405-1 Diversidade en órganos de goberno e empregados	22, 23, 38

## Índice de contidos de Obxectivos Desenvolvemento Sostible

OBXECTIVO DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	META/S	Números de páxina
Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe durante toda a vida para todos.	4.4, 4.5	21-26
Obxectivo 5: Lograr a igualdade entre os xéneros e empoderar a todas as mulleres e as nenas.	5.1	21-26
Obxectivo 7: Garantir o acceso a unha enerxía alcanzable, segura, sostible e moderna para todos.	7.2, 7.3	31-35
Obxectivo 8: Promover o crecemento económico sostido, inclusivo e sostible, o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todos.	8.5, 8.6, 8.8	21-26
Obxectivo 9: Construír infraestruturas resilientes, promover a industrialización inclusiva e sostible e fomentar a innovación.	9.1, 9.2, 9.4, 9.5	27-30
Obxectivo 12: Garantir modalidades de consumo e produción sostibles.	12.2	31-35
Obxectivo 13: Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.	13.3	31-35
Obxectivo 15: Xestionar sostiblemente os bosques, loitar contra a desertificación, deter e investir a degradación das terras e deter a perda de biodiversidade.	15.4, 15.5	31-35
Obxectivo 16: Promover sociedades, xustas, pacíficas e inclusivas.	16.6	36-40

---

# ANEXO II

## Documentación interna

- Web Retegal: [www.retegal.es](http://www.retegal.es)
- Estatutos da sociedade REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A.
- Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal.
- Contas anuais de Retegal 2017 e 2018.
- Retribución e efectivos 2017-2018.
- Convenio colectivo dos traballadores de Retegal.
- Resolución 02/12 da Dirección Xerencia de Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., pola que, en aplicación da lei 1/2012 do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da comunidade autónoma de Galicia, se modifica a disposición adicional primeira do convenio colectivo de Retegal.
- Código ético e de conduta de Retegal.
- Plan de prevención de delitos de Retegal.

## Principais referencias lexislativas de aplicación

- Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal.
- Lei 32/2003, do 3 de novembro, Xeral de Telecomunicacións.

- 
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
  - Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.
  - Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
  - Lei 3/2012, do 6 de xullo, de medidas urxentes para a reforma do contrato laboral.
  - Lei 4/2016, do 4 de abril, de ordenación de asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.
  - DIRECTIVA 2014/24/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, do 26 de febreiro de 2014, sobre contratación pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE.
  - DIRECTIVA 2014/25/UE DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO, do 26 de febreiro de 2014, relativa á contratación por entidades que operan nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais e pola que se derroga a Directiva 2004/17/CE
  - Lei 2/2011, do 4 de marzo, de Economía Sostible.
  - Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais.
  - Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.
  - Lei 3/2013, do 20 de maio, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia.
  - Lei 1/2017, do 8 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.
  - Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

- 
- Real Decreto 299/2016, do 22 de xullo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a campos electromagnéticos.
  - Real Decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos Servizos de Prevención de Riscos Laborais.
  - Real Decreto 805/2014, do 19 de setembro polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre e régulanse determinados aspectos para a liberación do Dividendo Dixital.
  - Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.
  - Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.
  - Orde do 8 de xuño de 2012 pola que se establece a clasificación inicial das entidades incluídas no ámbito de aplicación do Decreto 119/2012.
  - Estratexia Europa 2020.
  - Programa Operativo FEDER Galicia 2014-2020.
  - Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia.
  - Declaración da OIT relativa aos principios e dereitos fundamentais no traballo, de 1998, baseada nos oito convenios principais da OIT.
  - Convenio n.º 87 da OIT sobre a liberdade sindical e a protección do dereito de sindicación, 1948.
  - Convenio n.º 98 da OIT sobre o dereito de sindicación e de negociación colectiva, 1949.
  - Convenio n.º 100 da OIT sobre a igualdade de remuneración, 1951.

- 
- Convenio n.º 111 da OIT sobre a discriminación (emprego e ocupación), 1958.
  - Nacións Unidas, Declaración e Programa de Acción de Viena, 1993.
  - OIT, Declaración Tripartita de Principios sobre as Empresas Multinacionais e a Política Social, 1977.
  - Plan sectorial de implantación e desenvolvemento das infraestruturas da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia xestionadas por Retegal, enmarcado dentro do Plan Director de Banda Ancha de Galicia 2010-2013 da Xunta de Galicia, aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de data 2 de maio de 2013 (DOG do 17 de xuño)
  - UNE-EN 511:2006 e UNE-EN 342:2004/AC: 2008 Protección de roupa de traballo contra o frío.
  - UNE-EN 343:2004+A1:2008/AC: 2010 Protección de roupa de traballo contra a choiva.
  - UNE-EN ISO 9001:2015. Sistema de Xestión da Calidade. Requisitos.
  - UNE-EN ISO 14001:2015. Sistema de Xestión Ambiental. Requisitos con orientación para o seu uso.
  - OHSAS 18001:2007. Sistemas de xestión da seguridade e saúde no traballo.

---

# ANEXO III

## Datos de contacto

A Memoria de Responsabilidade Social 2017-2018 de Retegal da conta detallada das principais magnitudes da bianualidade 2017-2018 baixo o prisma da tripla dimensión económica, social e medioambiental.

Este documento está dispoñible na súa integridade na páxina web da empresa [www.retegal.es](http://www.retegal.es) onde poden atoparse tamén outras informacións adicionais de interese.

Estaremos encantados de recibir comentarios e suxestións respecto do contido desta memoria. Para iso, dispoñemos de canles de comunicación abertos a todos os nosos grupos de interese:

**Correo electrónico:** [retegal@retegal.es](mailto:retegal@retegal.es)

**Teléfono:** 981 546 723, en horario de atención de 09:00 h a 14:00 h de luns a venres.